

CONCERTOS FAMILIARES

O GATO CON BOTAS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Santiago Arnal e Anna Fernández (Títeres PerPoc), dirección artística e escénica
Alexandra Semenova, debuxos

Auditorio de Galicia

3 de febreiro

18.00 h

Prezo: 3 € | Idade: Para todos os públicos | Duración: 60 min

O Gato con Botas ou *Maese Gato* é un conto popular europeo compilado en 1695 por Charles Perrault. Conta a historia dun gato que grazas á súa astucia consegue a fortuna e a man dunha princesa para o seu amo, totalmente pobre. Dende a súa publicación, en 1697, no seu libro *Contos de antano*, que dedicou e regalou á sobriña de Luís XIV, tivo moito éxito.

Per Poc recrea as personaxes e a escenografía cos debuxos da artista rusa Alexandra Semenova, que nos remiten coa súa estética á época do Rei Sol. A música proposta para este espectáculo é o repertorio musical francés dos séculos XVII e XVIII que será, tamén, protagonista.

PLEASURE ISLAND

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Ariadna Montfort e Estela Merlos, coreografas e intérpretes
Cristina Cubells, dirección artística
Auditorio de Galicia

27 abril

18.00 h

Prezo: 3 € | Idade: Para todos os públicos | Duración: 60 min

Nos contos *Non culpes a ningún* (1956) de Cortázar e *As preocupacións dun pai de familia* (1919) de Kafka atopamos unha presenza que perturba terriblemente ás súas personaxes. En Cortázar, é a percepción da súa propia man que, sendo unha prolongación máis do seu corpo, comeza a percibirse de forma ameazante cando o personaxe intenta poñerse un xerseí. En Kafka, un obxecto vago e indefinido, como “un carrete de fio plano e en forma de estrela”, preocupa ao seu observador. Non é posible definir exactamente cal é ese obxecto, nin para que serve, nin por que se garda nesa casa sen motivo aparente... É isto o que máis preocupa ao noso personaxe?, por que?

POSTAIS... DE FRIDA KAHLO

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A COVA DAS LETRAS

David Fiuza (director)
Cristina Collazo (actriz)
Martíño Mato (actor)
Rocío González (dirección escénica)
Olga Cameselle (coreografía)

Teatro Principal

14 de xaneiro

12.00 h

Prezo: de balde previa retirada de convite | Idade: todos os públicos | Duración: 60 min | Lingua: galego

Un día Frida, unha adolescente “aburrída da vida”, descobre unha maravillosa carta que a súa avoa Henriqueta lle escribira a Frida Kahlo. Nela dáballe as grazas por amosarlle que a arte é un talismán que o cura todo. Entón, comeza un proceso de transformación que revolucionará a vida da cativa. A maxia da arte fará que a creatividade de Frida se dispare, que pinte cadros, que cante e que á fin, coñeza a Frida Kahlo.

A composición *Frida* (2023), de Manuel Otero Paino, pon son a este relato.

POSTAIS... DENDE ELAS

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Celia Torá (directora)
Paula Cereixo (actriz)
Monti Castiñeiras (actor)

Teatro Principal

3 de marzo

12.00 h

Prezo: de balde previa retirada de convite | Idade: todos os públicos | Duración: 60 min | Lingua: galego

O concerto familiar abre coa peza *Oscar for Amnesty* (1988), de Dirk Brossé, centrada na figura da avogada salvadoreña Marianella Garçia Villas. O labor desta defensora de presos políticos que se opuxo ao réxime militar no seu país foi esencial na loita polos dereitos humanos en América do Sur. A seguir, Monti Castiñeiras e Paula Cereixo rememorarán unha selección de mulleres pintoras silenciadas durante a historia, proxectando unha escolma das súas obras pictóricas, acompañadas do son da BMSC coa composición *Cadros dunha exposición* (1874) de Modest Mussorgski.

POSTAIS... DE PRIMAVERA

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ACADEMIA LODANZAS

David Fiuza (director)
Loli Fojón (coreografías)

Auditorio de Galicia

14 abril

12.00 h

Prezo: de balde previa retirada de convite | Idade: a partir de 8 anos | Duración: 70 min | Lingua: sen texto

O revolucionario ballet *A Consagración da Primavera* (1913) de Igor Stravinski serve de arranque a este concerto que celebra a arte do movemento e que inclúe a impresionista *Preludio á sesta dun fauno* (1894), coa que Claude Debussy deu forma sonora á poesía de Mallarmé, e que será coreografiada polo ballet da academia LoDanzas. O recital pecha coa estrea absoluta de *Unha rapsodia galega* (2023), do compositor silledense Sergio Rodríguez.

VENDA DE ENTRADAS

ONDE?

- Preferentemente a través do portal compostelacultura.gal
- Despacho de billetes da Zona C. Punto de Información Cultural. Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Teléfono 981 542 462
- Nos despachos de billetes dos espazos escénicos 1 hora antes do comezo dos espectáculos.

AVISO!

Pregamos contrastar a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal


EN FAMILIA

PRIMEIRO SEMESTRE 2024

AUDITORIO DE GALICIA

TEATRO PRINCIPAL

Compostela Cultura



Compostela Cultura

SOLO

ROI BORRALLAS

27 de xaneiro
Teatro Principal
18.30 h

Prezo: 3 €
Idade recomendada: >8 anos
Duración: 45 min
Língua: galego

O hábitat natural de calquera pallaso é a escena, co seu público. Pero que pasa cando queda só? É no camerino onde se mesturan persoa e personaxe. Onde se desfigura a liña que os separa. Un limbo que non é o escenario nin a vida real.

É nesa fronteira onde ten lugar este espectáculo... Pasen e vexan a traseira deste artista, as súas ideas e tolemias.

Vexan como se defende da soidade e a rutina con imaxinación e humor. Pasen e vexan o que ninguén ve. Unha persoa ante si propia. Un actor sen público, un pallaso cando ninguén o observa. Unha excelente interpretación do mellor clown xestual.

CRISÁLIDA

CARAMUXO TEATRO

Teatro Principal
24 de febreiro
18.30 h

Prezo: 3 €
Idade recomendada: >6 anos
Duración: 50 min
Língua: galego

Crisálida é un espectáculo que quere poñer en valor a importancia do comercio tradicional nun mundo globalizado e cada vez máis dixitalizado. A necesidade da existencia deses espazos que axudan a crear comunidade. Unha historia coa que queremos facerlle unha pequena homenaxe a esas persoas que fan as nosas cidades máis vivas.

Historias como as da mercería Crisálida amósanos que este tipo de negocios, máis baseados nas relacións humanas e non só no beneficio económico, deben protexerse e recuperarse. Son parte do noso patrimonio.

PAÛRA

COMPAÑÍA LUCAS ESCOBEDO

Auditorio de Galicia
9 de marzo
18.30 h

Prezo: 3 €
Idade recomendada: >6 anos
Duración: 75 min
Idioma: castelán

Paúra é un espectáculo de humor. Dámoslle a man á *Paúra* e levámola de compañeira a unha aventura escénica para todos os públicos con música en directo. O medo nunca foi un bo conselleiro e, con todo, a miúdo é o que nos move a accionar. O medo existe e cohabita en cada un de nós; desexamos non sentilo, pero levámolo dentro.

Afondamos na linguaxe do pallaso, para falar do medo con gargallada e poesía. Un concerto teatral. Unha peza musical chea de hilaridade.

AMAL

COMPANYIA DE COMEDIANTS
LA BALDUFA

Teatro Principal
13 de abril
18.30 h

Prezo: 3 €
Idade recomendada: todos os públicos
Duración: 48 min
Idioma: castelán

Na periferia dunha cidade calquera, nun vello patio, Amal escóndese en plena fuxida. É unha moza que despois de vivir os horrores da guerra tivo que deixar o seu país en busca de refuxio en Europa. Non sabe que, nese mesmo lugar, outra moza tamén buscou refuxio para escapar das súas propias angustias e preocupacións. Quizais descubran que compartan máis do que podían imaxinar... Que a pesar das diferenzas, ambas anhelan atopar un lugar seguro onde sentirse acollidas e libres da violencia e a incerteza.

GRAN GALA DO CIRCO

PISTACATRO PRODUCTORA
DE SOÑOS

Auditorio de Galicia
21 de abril
18.30 h

Prezo: 3 €
Idade recomendada: todos os públicos
Duración: 75 min
Língua: galego

Coa Gran Gala de Circo celébrase no Auditorio de Galicia o Día Internacional do Circo. Un espectáculo de variedades coordinado por Pistacatro. Un feixe de artistas locais e vidos doutras terras preparan unha festa para gozo do público grande e miúdo.

Non esperedes que volo conten e vide ver o espectáculo máis grande do mundo.

Pasen e vexan!

PORVEZPRIMEIRA

Unha nova edición de *PorVezPrimeira* recolle dúas coidadas propostas dirixidas á primeira infancia. Unha selección especialmente pensada para bebés e público miúdo. Deste xeito, o Teatro Principal e o Auditorio de Galicia queren converterse no lugar da primeira experiencia cultural da veciñanza.

Recoméndase que non haxa máis de 2 acompañantes por bebé ou crianza.

Deberase mercar unha entrada para cada asistente independentemente da súa idade.

#PORVEZPRIMEIRA

COLIÑO

A XANELA DO MAXÍN

Teatro Principal
4 de maio
17.00 e 18.00 h

Prezo: 3 €
Idade recomendada: de 0 a 3 anos
Duración: 40 min
Língua: sen texto

Unha obra musical e sensorial dirixida á primeira infancia e as súas familias, na que as crianzas poden estimular os sentidos e as emocións.

Coliño é o lugar natural onde imos dende que nacemos e que buscamos cando necesitamos seguridade, defensa, protección, consolo, ánimo e calor.

Coliño está concibido dende o apego, as emocións e o vínculo afectivo entre as e os bebés e a súa contorna.

Coliño mestura todas as enerxías positivas para a mellora do bebé, da crianza e da persoa.

UNIVERS

ENGRUNA TEATRE

Auditorio de Galicia
5 de maio
11.00 e 12.30 h

Prezo: 3€
Idade recomendada: 0 a 2 anos
Duración: 40 min
Língua: sen texto

Unha experiencia sensorial para a primeira infancia chea de poesía visual, música en directo e movemento. Individuos, obxectos, que se desordenan, móvense, vólvense ordenar. Que atopan o equilibrio e a harmonía dentro da inmensidade. Que buscan como existir no medio do caos, nun lugar concreto e un instante preciso.

Univers é un lugar onde explorar como o máis pequeno e aparentemente insignificante pode cambialo todo da forma máis inesperada. Unha vivencia única e irrepitible que se constrúe de novo cada vez e convértese nunha viaxe evocadora e inmersiva.

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela
981 552 290 (oficinas)
981 571 026 (despacho de billetes)

TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
981 542 347 (oficinas)
981 542 349 (despacho de billetes)

ZONA C.

PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL

Rúa do Preguntoiro, 1 (Praza de Cervantes)
15704 Santiago de Compostela
981 542 462



- COMPOSTELACULTURA
- CCULTURA
- COMPOSTELACULTURA
- COMPOSTELACULTURATV
- COMPOSTELACULTURA.GAL

